

OBRADOIROS PARA O CURSO 2019-2020 NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS.

CARACTERÍSTICAS

DESTINATARIOS: Nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela, ou que, sen estar empadroados cursen os seus estudos en centros de educación infantil e primaria desta cidade, con idades comprendidas entre os 3 e os 8 anos (2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria).

DATAS DE REALIZACIÓN: Os obradoiros desenvolveranse durante o curso escolar 2019-2020, de acordo co calendario escolar da Rede de Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, e que pode consultarse en ditas escolas.

Os obradoiros desenvolveranse coas seguintes modalidades, a escoller polos interesados:

- Obradoiros durante o curso escolar 2019-2020.
- Obradoiros en vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa).(1)

(1) Estas prazas, no caso de que non se cubran cos nenos/as matriculados nos obradoiros do curso escolar serán cubertas segundo os puntos obtidos.

HORARIOS:

- De 16.00 ás 20.00 h. durante o curso escolar.
- De 10.00 ás 14.00 h. en vacacións escolares. As familias poden ampliar este servizo co horario de almorzo (7.30 ás 10.00 h.); comedor (de 14.00 ás 15.00 h.) e horas a maiores.

NÚMERO DE PRAZAS: o número total de prazas é de 45, distribuídas 15 prazas para cada escola.

- Escola Infantil Municipal de Conxo: 15 prazas.
- Escola Infantil Municipal das Fontiñas: 15 prazas.
- Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños: 15 prazas.

LUGAR DE EXECUCIÓN: os obradoiros desenvolveranse nas propias escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños.

OBXECTIVOS: Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Que os/as nenos/as se sensibilicen de forma divertida con diferentes disciplinas artísticas.
- Fomentar a curiosidade, as gañas de aprender e de descubrir novas aventuras.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

TIPO DE OBRADOIROS: O programa contará con diferentes obradoiros de acordo coa proposta presentada por cada escola.

TARIFAS

MATRÍCULA (anual): 75 €	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
2 TARDES: 55 € mes	COMEDOR: mes, 75 € e días soltos, 5 €
3 TARDES: 80 € mes	ALMORZO: mes, 30 € e días soltos, 2 €
4 TARDES: 105 € mes	HORA A MAIORES: todo o mes, 15 € e días soltos, 3 €/h
5 TARDES: 125€ mes	
Día solto: 12 € día	

Os servizos complementarios e os seus prezos foron aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 15-11-2004 (punto 54 da Orde do día, denominado proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á autorización de novos servizos na Escola infantil de Conxo).

SOLICITUDE DE OBRADOIROS:

As persoas interesadas terán que cubrir e presentar o impreso de solicitude no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou no Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural do Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo), ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes:

1. De reserva de prazas e dos/as fillos/as dos/as traballadores/as (2) das E.I.M de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, de reserva de prazas e dos/as nenas/os que se atoparon matriculados nos obradoiros do curso escolar 2018-2019 e de reserva de prazas e dos/as nenas/os con irmáns matriculados nas escolas infantís no curso 2019-2020 será entre os días 09 e 15 de xullo de 2019 (ambos os dous inclusive).
2. De solicitudes de novo ingreso será do 17 de xullo ao 24 de xullo de 2019.

As solicitudes de novo ingreso seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. As de menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.
2. As prazas que queden vacantes adxudicaranse segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo que para a adxudicación de prazas de acordo coa Orde pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas Escolas Infantís 0-3 dependentes desta consellería para o curso 2019-2020.

O impreso de solicitude estará dispoñible, xunto coa información complementaria, nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, no Departamento de Educación e Cidadanía (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), e na páxina web municipal www.santiagodecompostela.gal

- (2) os fillos/as dos traballadores/as atendendo a lei 39/1999 do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral da persoas traballadoras, poderán dispor destas prazas aínda que non cumpran os requisitos do padrón, sempre e cando a súa estancia na escola se corresponda co horario laboral na escola do seu pai/nai.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CONXUNTAMENTE COA SOLICITUDE:

Os representantes legais do neno/a presentarán, acompañando a solicitude de novo ingreso, os seguintes documentos:

- Certificado de empadramento ou de convivencia da unidade familiar coa que conviva o/a menor ou certificado de estar matriculado nun colexio de Santiago durante o presente curso escolar.
- Copia do libro de vacinas para xustificar que ten as vacinas ao día.
- Fotocopia do Libro de Familia completo da unidade familiar. Fotocopia do Título de familia numerosa (se é o caso).
- Familia monoparental. Esta situación acreditarase coa copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais. Copia da resolución administrativa de acollemento.
- Fotocopia do documento que acredite a identidade do pai, nai ou titor/a.

Xustificación de ingresos da unidade familiar, que consistiran en:

Copia da declaración da renda de 2018 de todos os membros da unidade familiar, ou, no seu defecto certificado emitido pola delegación de Facenda que abale a súa non presentación. Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considérase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos fillos/as ao seu cargo. No caso de que non as percibise, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.

- **Xustificación de ocupación ou desemprego actualizada.**
 - No caso de persoal por conta allea: copia das dúas últimas nóminas, certificación da empresa ou vida laboral.
 - No caso de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas: copia do último recibo de pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou da correspondente mutualidade, así como o último ingreso trimestral presentado.
 - No caso de persoas desempregadas, certificación de ser demandantes de emprego.
- Documentación acreditativa de situacións como: separación de feito de cónxuxe, abandono do fogar, certificación de convivencia e xustificante de calquera outra circunstancia socio-familiar alegada.
- Resolución Xudicial de que a tutela do neno/a está atribuída a unha soa persoa.
- Certificado expedido polo organismo competente sobre o grao de minusvalía e certificado médico de enfermidade ou deficiencias alegadas polos membros da unidade familiar.
- Informe do organismo competente sobre a necesidade de integración, no caso de nenos ou nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.
- Calquera outra documentación xustificante que se considere de interese a efectos de valoración.
- Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.

BAREMO A APLICAR:

1. Situación sociofamiliar.
 - 1.1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.
 - 1.2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo: 1 punto.
 - 1.3. No caso de que o/a neno/a para o cal se solicita a praza nacesse nun parto múltiple: 1 punto.
 - 1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos.
 - 1.5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.
 - 1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.
 - 1.7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos. 1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos.
2. Situación laboral familiar.
 - 2.1. Situación laboral de ocupación:
 - Nai: 7 puntos.
 - Pai: 7 puntos.
 - 2.2. Situación laboral de desemprego (1):
 - Nai: 2 puntos.
 - Pai: 2 puntos.
 - 2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):
 - Nai: 3 puntos.
 - Pai: 3 puntos.
 - (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución
 - No caso de familias monoparentais ou aquelas en que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.
 - Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.
3. Situación económica. R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 desta resolución):
 - Inferior ao 30 % do IPREM: +4 puntos. (0-161.35)
 - Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM: +3 puntos. (161.36-268.92)
 - Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM: +2 puntos. (268.93-403.38)
 - Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto. (403.39-537.84)
 - Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM: -1 punto. (537.85-672.30)
 - Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos. (672.31-806.76)
 - Entre o 150 % e o 200 % do IPREM: -3 puntos. (806.77-1075.68)
 - Superior ao 200 % do IPREM: -4 puntos. (MAS DE 1075.69)
 - En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada
 - Para os efectos desta resolución están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.
 - No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os membros parentais, adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2ª e 3ª do baremo.
 - No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Asdo.:



Noa Susana Díaz Varela
Concelleira de Educación e Mocidade